

**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA**

**EXPEDIENTE: 527/24**

**PROMOTOR: Concello**

**INTERVENCIÓN: Mellora do viario municipal nos lugares de Tines (Santa Baia de Tines) e A Bouza (San Antoíño de Baíñas)**

**CONCELLO: Vimianzo**

**ANTECEDENTES**

1. A solicitude de autorización, remitida e promovida polo Concello de Vimianzo, tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 08.02.2024 (entrada 2024/406303), e ven acompañada do documento: “*Proxecto de: Mellora viario municipal de Cuadra a Bouza e outro*”, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Blanco Ferreiro en xaneiro de 2024. No documento se concreta memoria descritiva e planos de situación das obras a desenvolver..
2. Consta no expediente informe da arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, no que se sinala que:

*“ [...] Solicítase autorización para as obras de mellora de camiños municipais que supoñen un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas mais axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.*

*O vial afectado por elementos do patrimonio cultural (de Tines a Vilar) ten unha lonxitude de 860 m, ancho 5,00 m e tres abanicos de 50, 30 e 20 m2. Na actualidade este camiño encóntrase asfaltado e conta cun firme e ancho insuficientes para o tráfico de vehículos de gran tonelaxe que por el circulan, xa que ademais de dar acceso a parcelas agrícolas, dá tamén acceso a instalacións agrícolas e gandeiras, polo que cómpre incrementar a súa capacidade portante.*

*Procederase a limpeza de gabias en ambas marxes e a mellora da capa de rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado a toda a plataforma, previa reparación de fochancas con pedra 32/63 e tratamento asfáltico semiprofundo nunha porcentaxe estimada do 10% e previo emprego de vinte e cinco centímetros de subbase con material de préstamo, vinte de saburra, quince centímetros de pedra e tratamento asfáltico semiprofundo en ampliación do ancho da superficie pavimentada ambos lados, 0,50 m a cada lado, dentro da plataforma actual do camiño. Contémplase, así mesmo, a pavimentación do abanico de 20 m2 con quince centímetros de pedra 32/63 e tripla rega asfáltica.*

*Debido á distancia e á configuración do territorio nas marxes do vial no que se intervén, conclúese que estas actuacións non terán repercusións negativas sobre o conxunto parroquial nin os elementos do patrimonio arquitectónico e etnográfico nel incluídos. Polo que a solicitude achegada se informa favorablemente coa condición de que o vertedeiro e as áreas para amorear material, terras, maquinaria e vehículos de obra se sitúen fóra do contorno inmediato do conxunto parroquial, e preferentemente fóra do contorno de protección de calquera elemento de patrimonio cultural”.*



3. Consta no expediente informe da arqueóloga do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, no que se sinala que:

*" [...] Solicítase autorización para realizar obras de mellora de de dous caminos municipais (en Tines e A Bouza) que implicarán un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas mais axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.*

*O vial afectado por elementos do patrimonio cultural (de Tines a Vilar) ten unha lonxitude de 860 m, ancho 5,00 m e tres abanicos de 50, 30 e 20 m<sup>2</sup>. Na actualidade este camiño encóntrase asfaltado e conta cun firme e ancho insuficientes para o tráfico de vehículos de gran tonelaxe que por el circulan, xa que ademais de dar acceso a parcelas agrícolas, dá tamén acceso a instalacións agrícolas e gandeiras, polo que cómpre incrementar a súa capacidade portante.*

*Realizarase limpeza de gabias en ambas marxes e mellora da capa de rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado en toda a plataforma, previa reparación de fochancas con pedra 32/63, e tratamento asfáltico semiprofundo nunha porcentaxe estimada do 10% e previo emprego de 25 cm de subbase con material de préstamo, 20 de saburra, 15 centímetros de pedra e tratamento asfáltico semiprofundo en ampliación do ancho da superficie pavimentada ambos lados, 0,50 m a cada lado, dentro da plataforma actual do camiño. Contémplase, asemade, a pavimentación do abanico de 20 m<sup>2</sup> con 15 cm de pedra 32/63 e tripla rega asfáltica.*

*Desde o punto de vista arqueolóxico, esta actuación non terá repercusións negativas sobre o xacemento sempre que non se amplíe a pista e non se modifiquen as cunetas e noiros, e a limpeza de perfís sexa superficial na zona do camiño que se sitúa no ámbito de protección do xacemento.*

*As obras infórmanse favorablemente, coas seguintes condicións para o ámbito de protección dos bens:*

- Non se poderán realizar perfilados profundos das cunetas e noiros, nin a súa ampliación.*
- No caso de producirse remocións de terras, inda que sexan superficiais, o traballo deberá realizarse con supervisión arqueolóxica".*

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A intervención para a que se solicita autorización sitúase no contorno de protección dos seguintes bens recollidos no catálogo das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Vimianzo, aprobado definitivamente o 01.07.1994 (BOP.11.08.1994), e/ou identificados no Plan básico autonómico de Galicia (actualizado por Resolución do 15.12.2023 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, DOG 21.12.2023):

- Vila romana e necrópole romana/medieval de Tines (GA15092088)
- Conxunto parroquial de Tines (T-GR-00)
- Igrexa parroquial de Tines (T-GR-01)
- Cruceiros de Tines (T-CR-01 e T-CR-02)

Os cruceiros, petos de ánimas e hórreos construídos con anterioridade a 1901, de conformidade co artigo 92 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, teñen a consideración de bens de interese cultural; e, conforme ao disposto nos artigos 8 e 30 da lei, os de menor antigüidade recollidos individualmente singularizados en instrumentos do planeamento urbanístico, teñen a consideración de bens catalogados.

O resto de bens citados son bens catalogados, en virtude do devandito artigos 8 e 30 da LPCG.

2. As intervencións que actúen sobre un contorno de protección de bens do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 e conforme co 45 da LPCG, precisan de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
  - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
  - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
  - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
  - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Expte. 527/24

- Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais desta consellería o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 134 do 14 de xullo); o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 119/2022, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

## RESOLVO

**Autorizar as obras solicitadas coas condicións que figuran nos informes dos servizos técnicos.**

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente.

A Coruña, asinado electronicamente pola xefa do Servizo de Coordinación Cultural.  
Rosario Fernández-Albalat Ruiz

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16//2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

